



CONCELLO DE BOQUEIXÓN

Forte s/n
15881 Boqueixón (A Coruña)

Teléfono: **981- 51 30 52**
Fax: **981- 51 30 00**
correo@boqueixon.dicoruna.es
C.I.F.: **P-1501200-H**

ACTA DA SESION ORDINARIA REALIZADA POLA XUNTA DE GOBERNO

Lugar: Casa do Concello

Día: 3 de novembro do 2016

Hora de comezo: 14.25 h

Hora de remate: 14.50 h

ASISTENTES:

Don Ovidio Rodeiro Tato

Don Manuel Fernández Munín

Don Jesús Sanjuás Mera

Dona M^a Carmen Botana Cebeiro

AUSENTES:

Ninguén

No salón de sesións da casa do concello presidindo o alcalde, don Ovidio Rodeiro Tato, reuníronse os concelleiros que se relacionan anteriormente, asistidos pola secretaria – interventora, dona Elena Suárez Rodríguez, co fin de realizar a sesión da Xunta de Goberno, previamente convocada cos requisitos legais.

ORDE DO DIA

- 1. Aprobación da acta anterior**
- 2. Aprobación padrón fiscal subministro de auga e saneamento, terceiro trimestre 2016**
- 3. Altas abastecemento/saneamento**
- 4. Liquidación achegas 2015 e estimación 2016, do Transporte Metropolitano de Galicia**
- 5. Concesión licenza tenza animal potencialmente perigoso**
- 6. Arquivo expediente de limpeza de leira de monte**
- 7. Inscripción asociación no rexistro municipal do concello de Boqueixón**
- 8. Organización V “Ruta de tapas de Boqueixón 2016”**
- 9. Recepción da urbanización “Aldea de Vilar” (Entidade urbanística de xestión Aldea de Vilar)**
- 10. Levantamento da suspensión da execución do acordo de demolición do exceso de altura dun muro de formigón, propiedade de dona Eva xxxxx.**
- 11. Arquivo expediente de reposición de legalidade urbanística (peche de parcela)**
- 12. Concesión de axuda de emerxencia social**

13. Dar conta de baixas no “programa de alimentos”
14. Xustificación da subvención destinada á execución do programa “Deseñando o teu futuro, ano 2016”.
15. Rogos e preguntas

DELIBERACIÓNS

1.Aprobación da acta anterior

Por unanimidade acórdase aprobar a acta da sesión ordinaria que tivo lugar o día 20 de outubro do 2016.

2.Aprobación padrón fiscal subministro de auga e saneamento, terceiro trimestre 2016

A empresa Espina y Delfín, adxudicataria do servizo de saneamento e o Concello de Boqueixón xestor do servizo de abastecemento de auga, fixeron entrega dos padróns para a correspondente aprobación por parte desta entidade, tal e como se transcribe no correspondente prego de cláusula que rexe a contratación do servizo de saneamento e según a ordenanza municipal de abastecemento.

Polo tanto a Xunta de Goberno acorda:

- Aprobar os padróns de abastecemento de auga e saneamento que no 3º trimestre do ano 2016 terían os seguintes aboados:
Servizo de abastecemento de auga : 1.067
Servizo de saneamento: 1.362
- Expoñer ó público para que se poidan realizar as correspondentes alegacións e publicalo no BOP

3.Altas abastecemento/saneamento

A) Altas en Abastecemento

Cumpridas as condicións necesarias para poder autorizar a acometida á rede municipal de abastecemento, segundo o regulamento do servizo municipal de abastecemento de auga, inclúense como beneficiarios do servizo ós usuarios que se relacionan a continuación:

Nome	DNI	Enderezo inmoible	Taxa	Importe conexión/ Instalación contador
Xosé Antón xxxxx	xxxxx	xxxxx Vigo – 15881 Boqueixón	109,73 €	483,98 €
Mª Carmen xxxxx	xxxxx	xxxxx Vilar – Lestedo – 15881 Boqueixón	54,86 €	21,94 €
Jesús xxxxx	xxxxx	xxxxxx Vilar – Lestedo – 15881 Boqueixón	54,86 €	24,37 €

Polo que, a Xunta de Goberno acorda:

1º- Dar de alta no Servizo de Abastecemento ós usuarios que se detallan na relación anterior, establecendo as taxas correspondentes, así como os importes pola conexión á rede, que se rexerán pola Ordenanza fiscal reguladora da taxa de abastecemento.

A alta concedida a Xosé Antón xxxxx é para execución de obras, en base á licenza municipal concedida para a rehabilitación de edificio de antiga escola unitaria para vivenda unifamiliar. As altas correspondentes a Mª Carmen xxxxx e Jesús xxxxx son para vivenda.

As ditas taxas de abastecemento correspondentes a Xosé Antón xxxxx (por acometida do servizo e colocación contador) e a Mª Carmen xxxxx (por desprecintado do contador) foron ingresadas polos interesados nas arcas municipais, figurando o xustificante do ingreso. A taxa correspondente a Jesús xxxxx (por conexión á rede de abastecemento) foi aboada pola promotora da construción “Vitra Breogán, SCG” o 28/12/2007.

2.- Notificar este acordo ós beneficiarios citados anteriormente ós seguintes enderezos:

- Xosé Antón xxxxx - Santiago de Compostela)
- Mª Carmen xxxxx (Ó mesmo enderezo do inmovible)
- Jesús xxxxx (Ó mesmo enderezo do inmovible)

B) Alta en saneamento

Cumpridas as condicións necesarias para poder autorizar a acometida á rede municipal de sumidoiros, segundo o Regulamento do Servizo Municipal de Saneamento, inclúese como beneficiario de dito servizo ó usuario que se relaciona a continuación:

Nome	DNI	Enderezo inmovible	Taxa
Jesús xxxxxx	xxxxxx	xxxxxx Vilar – Lestedo – 15881 Boqueixón	54,86 €

Polo que a Xunta de Goberno acorda:

1º- Dar de alta no servizo de saneamento ó usuario que se detalla na relación anterior, establecendo as taxas correspondentes que se rexerán pola ordenanza fiscal reguladora da taxa de saneamento.

A alta concedida é para vivenda.

A dita taxa de abastecemento correspondente a Jesús xxxxx foi aboada pola promotora da construción “Vitra Breogán, SCG” o 28/12/2007.

2.- Notificar este acordo ó beneficiario citado anteriormente ó mesmo enderezo do inmovible:

4.Liquidación achegas 2015 e estimación 2016, do Transporte Metropolitano de Galicia

O día 4 de outubro de 2016, co número de entrada 16/2166 a Consellería de Infraestruturas e Vivenda, a través da Dirección Xeral de Mobilidade, remite informe do Transporte Metropolitano de Galicia de liquidación da achega 2015 e estimación da achega do 2016 por importe total de 9.919,34 €, solicitando o ingreso de dita cantidade, polo que a Xunta de Goberno acorda:

1. Aprobar o ingreso na Xunta de Galicia por importe total de 9.919,34 euros, en concepto de “Transporte Metropolitano Achegas 2016”, tendo en conta o superavit de 2015.
2. Dar traslado deste acordo á tesourería municipal para proceder a este ingreso.

5.Concesión licenza tenza animal potencialmente perigoso

O 5 de outubro de 2016 co número de entrada 16/2167 don Daniel xxxxx solicita licenza administrativa para a tenza dun animal potencialmente perigoso, en concreto para a tenza dun american staffordshire, con data de nacemento 11/04/2016, macho, cor gris e branco, sen signos particulares, código de identificación 941000019555431 no lado esquerdo do pescozo, de nome Xiro, e con destino: animal de compañía .

Acompáñase a seguinte documentación:

- Certificado psicotécnico efectuado a don Daniel xxxxx , de data 1 de setembro do 2016, que o capacita como apto para obter a licenza administrativa para a tenza de animais potencialmente perigosos (copia compulsada).
- Información do Rexistro Central de Penados e Rebeldes, en donde consta a non existencia de nota penal a nome de don Daniel xxxxx , co DNI xxxxx , os efectos da tenza de animais potencialmente perigosos (orixinal).
- Copia da póliza de seguro do fogar, no cal se sinala a modificación da garantía de responsabilidade civil, inclusión de responsabilidade civil de cans, no lugar de Rebordeos xxxxx – Oural, realizada por Seguros Bilbao.
- Copia da cartilla sanitaria e copia do certificado veterinario oficial do can american staffordshire.
- Certificado da Xefatura Territorial da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas, sinalando que don Daniel xxxxx, co DNI xxxxx, non foi sancionada por infraccións graves ou moi graves, de acordo co sinalado no apdo 3 artigo 13 da Lei 50/1999, de 23 de decembro.
- Copia do DNI de don Daniel xxxxx
- Xustificante do ingreso da taxa, por importe de 30,00 euros, en concepto de “taxa por prestación de servizos especiais de expedición de licenza por tenza de animais perigosos.

Examinado o expediente á vista da documentación presentada e de acordo co disposto na Lei 50/1999, de 23 de decembro sobre o réxime xurídico da tenza de animais potencialmente perigosos, a Xunta de Goberno acorda :

1.Conceder licenza administrativa para a tenza de animais potencialmente perigosos a don don Daniel xxxxx , como propietario do animal que se identifica como especie e raza canina american staffordshire, con data de nacemento 11/04/2016, macho, cor gris e branco, sen signos particulares, código de identificación 941000019555431 no lado esquerdo do pescozo, de nome Xiro e con destino: animal de compañía .

2. A presente licenza terá unha vixencia de cinco anos, polo que deberá ser renovada á finalización do citado prazo.

3. Notificar este acordo ó interesado.

6.Arquivo expediente de limpeza de leira de monte

O 6 de setembro do 2016 co número de entrada 16/1884, don José xxxxx , con domicilio en Monte – Ledesma xxxxx , presenta escrito solicitando a limpeza da leira, identificada coa referencia catastral 15012A043005220000EI, propiedade de dona Antonia xxxxx, e que linda coa súa vivenda, por estar chea de maleza e con risco elevado de incendio.

Na Xunta de Goberno do 22 de setembro do 2016 acordouse requirir á propietaria da leira de monte número 522, polígono 43, dona Antonia xxxxx para que procedese en prazo de 15 días naturais a executar os traballos de limpeza de maleza da leira, ata gardar unha distancia de 50 metros perimetrais, respecto da vivenda de don José xxxxx.

Según informe do técnico municipal de data 25 de outubro do 2016 *“Feita inspección técnica no lugar de Souto da Iglesia - Ledesma, compróbase que a leira número 522, polígono 43, dedicada a monte, está libre de maleza.*

Non existe perigo de incendio e de insalubridade.

Respéctase o establecido no artigo 21 da Lei 3/2007, do 9 de abril, de prevención e defensa contra os incendios forestais, modificada pola Lei 7/2012, de 28 de xuño, de montes de Galicia.”

Polo exposto a Xunta de Goberno acorda:

1. Arquivar o expediente aberto neste concello contra dona Antonia xxxxx, propietaria da leira de monte número 522, polígono 43, lugar de Souto da Iglesia - Ledesma, por proceder a mesma cos traballos de limpeza ata gardar as distancias esixidas pola Lei 3/2007 de 9 de abril en materia de prevención e defensa contra os incendios forestais, modificada pola Lei 7/2012, de 28 de xuño, de montes de Galicia
2. Informar que a limpeza da leira terá que facerse con carácter periódico, para evitar de novo o perigo de incendio.
3. Comunicar o acordo os interesados.

7.Inscripción asociación no rexistro municipal do concello de Boqueixón

D. Ignacio xxxxx , co DNI número xxxxx , en calidade de presidente da asociación “FUTSAL Boqueixón”, presenta escrito no concello de Boqueixón o 25 de outubro do 2016 co número de entrada 16/2354, solicitando a inscrición da referida entidade no rexistro municipal de asociacións do concello.

Considerando que se cumpren os requisitos preceptuados no artigo 236 do regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, do 28 de novembro de 1986, e demais de xeral aplicación, a Xunta de Goberno acorda:

1. Incluír esta asociación no Rexistro Municipal de Asociacións Veciñais co número de inscrición 060
2. Dar conta deste acordo ó presidente da asociación “FUTSAL Boqueixón”.

8.Organización V “Ruta de tapas de Boqueixón 2016”

O artigo 25.1 da Lei 7/1985, do 2 de abril, das bases do réxime local establece que o municipio, para a xestión dos seus intereses e no ámbito das súas competencias, pode promover toda clase de actividades e prestar cantos servizos públicos contribúan a satisfacer as necesidades e aspiracións da comunidade vecinal. Por outra parte, o artigo 25.2 m) da mesma norma outorga competencias ós concellos en materia de cultura e de ocupación do tempo libre.

O Concello de Boqueixón leva a cabo diversas accións de potenciación do tecido empresarial, e en concreto, a actividade da “Ruta de Tapas de Boqueixón” é un proxecto de promoción do sector hostaleiro de municipio, unha acción cun obxectivo de desenvolvemento local e de impulso ó turismo gastronómico. Tendo constancia do éxito de participantes acadado na anterior edición desta actividade,

Polo tanto, a Xunta de Goberno acorda:

1.- Aprobar a organización do “V Ruta de Tapas de Boqueixón 2016” nos seguintes termos:

*Calendario da ruta: 25, 26 e 27 de novembro, 2, 3 e 4 de decembro de 2016.

*Horario: 12:00h.- 15:00h. e de 20:00h.- 22:30h.

*O prezo que os hostaleiros participantes fixan para o cobro de cada tapa que entra no concurso: 1,50 €

*Os hostaleiros que queiran participar na ruta deben cubrir e asinar a ficha de inscrición no programa no Dpto. de Emprego e Formación na casa do concello.

2.- Aprobar as bases do Concurso da “Mellor Tapa de Boqueixón 2016” coas seguintes normas:

a) No “Concurso á Mellor Tapa de Boqueixón” concursan os establecementos hostaleiros de Boqueixón que presentarán as súas tapas habendo un xurado popular, formado polos clientes que degusten as tapas, os que votarán e elixirán á “Mellor Tapa de Boqueixón”.

b) Cada establecemento hostaleiro poderá presentar 3 tapas como máximo ó concurso no calendario e horario establecido.

b) O material publicitario e informativo inclúe carteis publicitarios da ruta e folletos de participación para a votación á mellor tapa.

c) O Concello de Boqueixón e os establecementos darán visibilidade ó material informativo e publicitario sobre a ruta das tapas, facilitando así ós clientes a participación no concurso e a realización da ruta.

d) Os folletos repartidos por todos os establecementos hostaleiros inclúen un apartado para datos persoais dos clientes participantes e outro apartado para os selos dos establecementos e para a votación á mellor tapa.

e) A degustación dunha tapa da dereito a un selo do establecemento no que se degustou. Se o establecemento participa con máis dunha tapa no concurso, a degustación dunha das tapas da dereito ó selo, non é preciso selar por cada unha das tapas que ofrece.

f) Unha vez cuberto todo o folleto con todos os selos dos establecementos participantes, o cliente indicará no mesmo folleto, cal é a tapa gañadora no espazo indicado para este fin. É imprescindible que o cliente cubra tamén, os seus datos persoais e sinatura no mesmo folleto para darlle validez.

g) Cada hostaleiro disporá no seu establecemento dunha urna para as votacións dos clientes. As urnas deben estar ubicadas en lugar visible, pechadas e identificadas para o seu fin.

h) Unha vez rematado o calendario da ruta, reuniranse todas as urnas e sacaranse os folletos de participación. Os técnicos do concello revisarán o bo estado e veracidade dos mesmos, posto que se algún folleto está mal cuberto, incompleto, roto, hai cuños falsos ou con riscaduras, etc retirárase do concurso.

i) Entre todos os folletos válidos contaránse os votos e a tapa máis votada será a gañadora: “1ª clasificada como Mellor Tapa de Boqueixón 2016”. A segunda tapa máis votada quedará como “2ª clasificada no Concurso da Mellor Tapa de Boqueixón 2016” e a terceira tapa máis votada quedará como “3ª clasificada no Concurso da Mellor Tapa de Boqueixón 2016”. Os establecementos gañadores conseguirán difusión dos locais mediante notas de prensa, promoción na páx. web e o diploma de recoñecemento.

j) Por outra banda, todos os folletos válidos dos clientes serán introducidos nunha urna e realizarase un sorteo dun premio que consiste nunha comida ou cea, por importe máximo de 120€, a escoller entre os locais participantes de Boqueixón participantes na ruta. Os titulares dos establecementos inscritos participarán no “Concurso da Mellor Tapa de Boqueixón 2016” pero non poderán participar neste sorteo que está dirixido a clientes.

3.- O Concello de Boqueixón realizará as seguintes aportacións:

- Colaboración na organización.
- Difusión da campaña (páx. web, notas de prensa, radio, presentación oficial para prensa, material divulgativo e de participación).
- Financiación da cartelería e trípticos de participación.
- Premio dunha comida ou cea, valorado por importe de 120€, a escoller entre os locais de Boqueixón participantes na ruta.

4.- Os establecementos hostaleiros participantes realizarán as seguintes aportacións:

- Colaboración coa organización e no bo desenvolvemento da actividade.
- Aportación de premios para sorteos entre os clientes.
- Difusión nos seus locais do material divulgativo e de participación.
- Urnas para as votacións.

5.- Dispór da asignación orzamentaria para facer fronte á aportación municipal.

6.- Publicar ditas bases no taboleiro de anuncios do Concello e na páxina web do concello.

9.Recepción da urbanización “Aldea de Vilar” (Entidade urbanística de xestión Aldea de Vilar)

Antecedentes

Con data do 14 de setembro de 2007, con rexistro de entrada nº: 07/3466, preséntase o certificado final de obra memor, pola “Entidade Urbanística de Xestión Aldea de Vilar”, para a recepción definitiva das obras de urbanización, en base ao proxecto de urbanización, con licenza outorgada con data do 7 de abril de 2004.

Coa achega do certificado final de obras, faltan por cumprimentar os seguintes aspectos:

- Deberán acreditar, a través da empresa Espina & Delfín, que as instalacións de abastecemento e saneamento, efectuadas no ámbito da urbanización, son as idóneas para a súa posta en funcionamento.
- Deberán acreditar, a través da empresa UNIÓN FENOSA DISTRIBUCIÓN, S.A., que as instalacións de enerxía eléctrica (transformador e rede de baixa tensión), efectuadas no ámbito da urbanización, son as idóneas para a súa posta en funcionamento.
- Deberán acreditar, que as instalacións de telecomunicacións, efectuadas no ámbito da urbanización, son as idóneas para a súa posta en funcionamento.
-

Con data do 20 de abril de 2015, por UNIÓN FENOSA DISTRIBUCIÓN, S.A., acréditase que as obras executadas no ámbito da urbanización, foron executadas correctamente, axustándose ao reflectido na documentación técnica existente.

Con data do 2 de xullo de 2015, por Espina & Delfín, infórmase que nas instalacións das redes de abastecemento, saneamento e pluviais, instaladas na urbanización Aldea de Vilar, non se encontran deficiencias, e que funcionan correctamente.

Con data do 14 de outubro de 2016, por Obras e Vías de Galicia, S.L., acréditase a construción de canalizacións e arquetas de telecomunicacións nas obras de urbanización Aldea de Vilar, en base ao proxecto construtivo aprobado, e a normativa vixente, sendo entregadas ao uso público, sen que fosen detectadas ningún tipo de deficiencia.

Por María Carmen Novoa Sío, arquitecta, dos servizos técnicos urbanísticos municipais, con data do 27 de outubro de 2016, en relación coa recepción da urbanización Aldea de Vilar, en Lestedo, solicitada pola Entidade Urbanística de Xestión Aldea de Vilar, emítese o seguinte **informe técnico**, e que literalmente di:

“Realizada visita de comprobación ó lugar con data do 20 de outubro de 2016, obsérvase que as obras de urbanización executadas axústanse sensiblemente ó proxecto de urbanización con licenza outorgada con data do 7 de abril de 2004. Así mesmo, consta no expediente a documentación requirida en informe técnicos anteriores.

*En consecuencia, realizada visita de comprobación á obra executada, e vista a totalidade da documentación presentada, considérase que as obras executadas axústanse á licenza de obra concedida, e **non se estima inconveniente para a recepción das obras de urbanización.***

Infórmase ós efectos oportunos.

Boqueixón, 27 de outubro de 2016

María Carmen Novoa Sío

Servizos técnicos e urbanísticos municipais”

Consta no expediente toda a documentación presentada polos promotores, e o informe técnico da arquitecta municipal, polo que de conformidade co disposto no artigo 96.5 e 96.6, da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do Solo de Galicia, a Xunta de Goberno acorda:

Primeiro:

Outorgar, á Entidade Urbanística de Xestión Aldea de Vilar, con C.I.F. G-15197149, a **recepción definitiva das obras de urbanización Aldea de Vilar**, realizadas ó amparo do proxecto de urbanización, aprobado definitivamente con data do 7 de abril de 2004, e que

se emprazan no lugar de Vilar, na parroquia de Sta. María de Lestedo, en canto a competencia municipal, e sen prexuízo da que corresponda a outros organismos.

Segundo:

Notificar este acordo ós representantes da Entidade Urbanística de Xestión Aldea de Vilar

D. José xxxxx

xxxxx – Lestedo

15881 – Boqueixón – A Coruña

Dona Ana xxxxx

xxxxx – Lestedo

15881 – Boqueixón – A Coruña

D. Antonio xxxxx

xxxxx – Lestedo

15881 – Boqueixón – A Coruña

10. Levantamento da suspensión da execución do acordo de demolición do exceso de altura dun muro de formigón, propiedade de dona Eva xxxxx .

ANTECEDENTES

Con data 7 de maio do 2015, na Xunta de Goberno Local do Concello de Boqueixón, con relación ao expediente de referencia, acordouse o seguinte:

1. Suspender a execución do acordo, polo cal que se ordenou a demolición do exceso de altura do muro de formigón, realizado no lugar de Ardarís (Lestedo), pola Sra. xxxxx , por non respectar a altura máxima permitida, que é de 2,20 metros, medidos dende a rasante exterior do muro; ata que se ditase resolución xudicial firme, de conformidade ao OTROSÍ DIGO, formulado por Dona Eva xxxxx , no recurso de reposición presentado.

Con data 21 de xullo do 2016, con rexistro de entrada número 16/1563, tivo entrada neste concello, a Sentenza do Xulgado do Contencioso Administrativo nº 2 de Santiago de Compostela, de data 15 de xullo de 2016, cuxo fallo se transcribe a continuación:

“Se desestima el recurso contencioso-administrativo nº 507/2015, interpuesto por Dª Eva xxxxx y D. Rubén xxxxx , contra el acuerdo de la Xunta de Goberno Local del Concello de Boqueixón, de 7 de mayo de 2015, por el que se desestima el recurso de reposición interpuesto contra el acuerdo de dicha Xunta de Goberno Local, de 5 de marzo de 2015, por el que se ordena la demolición del exceso de altura del muro de hormigón, realizado en el lugar de Ardarís (Lestedo), Boqueixón, por no respetar la altura máxima permitida, que es de 2,20 m medidos desde la rasante exterior del muro. Las costas se imponen a la parte actora, con una limitación de 700 euros”.

Vista a sentenza achegada, contra a que non se interpuxo recurso algún no prazo legalmente previsto, e polo tanto devén firme, a Xunta de Goberno acorda:

1. Levantar a suspensión da execución do acordo de demolición, aprobado pola Xunta de Goberno Local, con data do 7 de maio do 2015.

2. Ordenar a demolición do exceso de altura do muro de formigón, realizado no lugar de Ardarís (Lestedo), por dona Eva xxxxx , por non respectar a altura máxima permitida, que é de 2,20 metros, medidos desde a rasante exterior do muro.
3. Concederlle un prazo de (3) meses, para que proceda coa citada demolición, a contar dende a recepción do presente acordo.
4. No caso de incumprimento da orde de demolición, esta Administración procederá a execución subsidiaria da mesma, ou a execución forzosa mediante a imposición de multas coercitivas, reiterables mensualmente, ata lograr a execución polo suxeito obrigado, en contía de 1.000 a 10.000 euros cada unha.
5. Notifíquese o presente acordo a:

Dona xxxxx
xxxxx Vilar – Lestedo
15881 – Boqueixón – A Coruña

Dona xxxxx
xxxxx – Lestedo
15881 – Boqueixón – A Coruña

11.Arquivo expediente de reposición de legalidade urbanística (peche de parcela)

ANTECEDENTES

Con data do 02/06/2015, con rexistro de entrada nº: 15/1054, por dona Isaura xxxxx , con DNI núm. xxxxx , preséntase unha denuncia urbanística, relativa á execución de obras nas parcelas catastrais núm. 15012A506004650000WM, e 15012B516006480000LF.

Con relación os feitos realizados sobre a parcela catastral 15012A506004650000WM, indícase a execución de obras dun peche de finca, que presuntamente incumpriría o recuamento mínimo á vía pública a que da fronte. Tamén se fai constar a execución dun muro de contención de terras e un portal de acceso, noutra parte da parcela.

Neste expediente de reposición, faise mención ás obras de execución dun peche de finca, que presuntamente incumpriría o recuamento mínimo á vía pública a que da fronte.

Con data do 10 de xuño de 2015, con rexistro de saída núm. 15/499, pola Alcaldía do Concello de Boqueixón, procédese a dar o correspondente trámite de audiencia ó titular catastral das fincas obxecto da denuncia presentada, resultando infrutuoso dito trámite por *ausente reparto*, segundo a devolución do certificado con acuse de recibo, que presenta o funcionario de correos.

Con data do 09/07/2015, por María Carmen Novoa Sío, arquitecta, dos servizos técnicos urbanísticos municipais, logo da visita de comprobación aos feitos denunciados, emítese o correspondente informe técnico, no que con referencia ao peche de parcela, se indica o seguinte:

.- No que atinxe ó peche diáfano, compre dicir que non cumpre coa aliñación establecida no PXOM, que é de 4 metros ó eixe, polo que no resulta legalizable. No que atinxe ó resto das actuacións, poden ser parcialmente legalizables.

En base ao informe técnico de data do 09/07/2015; pola Alcaldía, con data do 20/07/2015, con rexistro de saída núm. 16/639, procédese a ditar a inmediata paralización das obras en execución, e a comunicarlle o inicio do correspondente expediente de reposición da legalidade urbanística, en base ao artigo 209 do LOUPMRG. Tamén se lle advirte, que no caso de non recibir a presente comunicación, procederase á súa publicación, polos procedementos que a lexislación vixente ditamine (*Boletín Oficial do Estado, e Tablón de Anuncios do concello*). A presente comunicación, tamén resultou infrutuosa, por *ausente reparto*, segundo a devolución do certificado con acuse de recibo, que presenta o funcionario de correos.

Na Xunta de Goberno Local, do 06/08/2015, acórdase o inicio do expediente de reposición da legalidade urbanística, en base ás obras executadas por D. Alfonso xxxxx . Remítese Notificación do Acordo adoptado ao promotor das obras, resultado infrutuosa, por *ausente reparto*, segundo a devolución do certificado con acuse de recibo, que presenta o funcionario de correos.

Vistas as continuas devolucións das comunicacións e notificación, efectuadas por este concello, con data do 03/09/2015, procédese ao “*anuncio*”, da notificación do 10/08/2015, do inicio do procedemento de incoación do expediente de reposición da legalidade urbanística, a D. Alfonso xxxxx , saíndo publicado no “*Boletín Oficial do Estado*”, con data do 10/09/2015, e no “*tablón de anuncios*” do concello, polo prazo de 10 días hábiles.

Con data do 02/10/2015, con rexistro de entrada na sede electrónica do concello núm. 201599900000006, e no rexistro xeral núm. 15/1903, preséntase una memoria valorada, con relación á construción do peche de parcela, para a reposición da legalidade urbanística, a nome de D. José Luís xxxxx , con DNI núm. xxxxx , en nome e representación de D. Alfonso xxxxx , con DNI núm. xxxxx , e en base á denuncia urbanística presentada.

Despois de diversos trámites, con presentación de nova documentación por parte do denunciado, con data do 5 de novembro de 2015, por María Carmen Novoa Sío, arquitecta, dos servizos técnicos urbanísticos municipais, emitiuse o informe técnico para a reposición da legalidade urbanística, para o levantamento dos postes metálicos instalados a modo de peche de parcela, e que non cumprían conrecoamento preciso.

Con data do 5 de novembro de 2015, pola Alcaldía, comunícaselle a autorización de obras, para o levantamento dos postes metálicos, en base ao expediente de reposición da legalidade urbanística.

Con data do 29/01/2016, con rexistro de entrada na sede electrónica do concello núm. 201699900000003, e no rexistro xeral núm. 16/163, , a nome de D. José Luís xxxxx , con DNI núm. xxxxx , en nome e representación de D. Alfonso xxxxx , con DNI núm. xxxxx , notifícaselle ó Concello que xa foron retirados os postes metálicos, en base ao expediente de reposición da legalidade urbanística.

Con data do 04/02/2016, realizouse visita ó lugar, comprobando que o peche foi levantado, tal el como se reflicte na reportaxe fotográfica, que consta no informe técnico, emitido pola arquitecta municipal, María Carmen Novoa Sío, con data do 5 de febreiro de 2016.

Tendo en conta o anteriormente exposto, a Xunta de Goberno acorda:

1º.- Decretar o arquivo do expediente 15/1903-501599900000006, de reposición da legalidade urbanística, contra D. Alfonso xxxxx , en canto as obras executadas parcialmente na parcela catastral núm. 15012A506004650000WM, consistentes na execución de obras dun peche de finca, que incumpría o recuamento ó camiño público

2º.- Notificar este acordo a:

D. José xxxxx
En repres. de: D. Alfonso xxxxx
xxxxx 15706 – Santiago de Compostela

Dona Isaura xxxxx
xxxxx - Lestedo
15881 – Boqueixón
A Coruña

12.Concesión de axuda de emerxencia social

Concesión dunha axuda económica de emerxencia social

13.Dar conta de baixas no “programa de alimentos”

Dase conta das baixas no “programa de alimentos”

14.Xustificación da subvención destinada á execución do programa “Deseñando o teu futuro, ano 2016”.

Con data do 20 de xullo de 2016 saíu publicada Resolución da Dirección Xeral de Xuventude, Participación e Voluntariado, do programa “Deseñando o teu futuro” regulado pola *ORDE* do 27 de marzo de 2015 pola que se establecen as bases do programa Deseñando o teu futuro, e se procede á súa convocatoria para o ano 2016, polo que se concede o Concello de Boqueixón unha axuda económica 5.700 euros.

Con data do 21 de xullo de 2016, o Concello de Boqueixón, comunica a aceptación da axuda concedida para o proxecto así como solicita o pagamento anticipado do gasto segundo o artigo 16.2 da Orde de convocatoria.

No mes de agosto de 2016 comezaron a realizar as prácticas os mozos e as mozas nas empresas de acollida rematándoas no mes de setembro de 2016.

O 29 de agosto de 2016 a Xunta ingresou a favor do Concello de Boqueixón de 4.560 euros como anticipo do 80 % do total da axuda económica.

O prazo máximo para xustificar a totalidade do proxecto Deseñando o teu futuro é o 30 de novembro de 2016.

Á vista do cal, téndose cumpridos todos os requisitos necesarios para a xustificación da subvención concedida, a Xunta de Goberno acorda:

1.- Aprobado a conta xustificativa da subvención destinada á execución do programa “Deseñando o teu futuro para o ano 2016”, concedida a esta entidade ó abeiro da Orde do 27 de marzo de 2016 pola que se establecen as bases do programa Deseñando o teu futuro, e se procede á súa convocatoria para o ano 2016, na que consta que:

- Que se cumpríu ca finalidade para a cal foi concedida a subvención.
- Esta entidade non solicitou nin se lle concedeu ningunha outra axuda para este mesmo proxecto e conceptos para os cales se solicita esta subvención.
- Esta entidade non esta incurso en ningunha das prohibicións establecidas no artigo 10, número 2 e 3, da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, para obter a condición de beneficiaria dunha subvención.
- Que os gastos totais soportados por esta entidade beneficiaria imputables á actuación subvencionada son os que se relacionan a continuación:

GASTOS DAS PERSOAS PARTICIPANTES (POR MANUTENCIÓN E ALOXAMENTO)

Nome e apelidos	DNI	Empresas de acollida	Días	Importe da axuda	Total (6€ Persoa/Día)	Data de pagamento
Adrián xxxxx	xxxxx	Santos, Cocina Y Baño,Sl	7 días	6 euros	42 euros	14/10/2016
Alejandra xxxxx	xxxxx	Casa Casal	10 días	6 euros	60 euros	14/10/2016
Alicia xxxxx	xxxxx	Residencia Sta.Olalla	9 días	6 euros	54 euros	14/10/2016
Álvaro xxxxx	xxxxx	Muebles Ferreiro, Sl	9 días	6 euros	54 euros	14/10/2016
Ángela xxxxx	xxxxx	Escola Infantil Municipal Raíña Lupa	15 días	6 euros	90 euros	14/10/2016
Anxo xxxxx	xxxxx	Diesel Inyección Milladoiro Sl	15 días	6 euros	90 euros	14/10/2016
Brais xxxxx	xxxxx	Asociación Pura Raza Cabalo Galego	10 días	6 euros	60 euros	14/10/2016
Brais xxxxx Pai (contado pai Juan Manuel xxxxx)	xxxxx	Concello de Boqueixon	15 días	6 euros	90 euros	14/10/2016
Cristian xxxxx	xxxxx	Tecno Security España	15 días	6 euros	90 euros	14/10/2016
Diana xxxxx	xxxxx	Concello de Boqueixon	7 días	6 uros	42 euros	14/10/2016
María Fátima xxxxx	xxxxx	Clece, SA	5 días	6 euros	30 euros	14/10/2016
Gonzalo xxxxx	xxxxx	Talleres Lestedo	10 días	6 euros	60 euros	14/10/2016
Jessica xxxxx	xxxxx	Clínica Veterinaria A Media Lúa	5 días	6 euros	30 euros	14/10/2016
Julia xxxxx	xxxxx	Concello de Boqueixon	6días	6 euros	36 euros	14/10/2016
Lucía xxxxx	xxxxx	Pac Veterinario De Área Central	15 días	6 euros	90 euros	14/10/2016
Lucía xxxxx	xxxxx	Residencia Sta.Olalla	15 días	6 euros	90 euros	14/10/2016
Manuel xxxxx	xxxxx	Talleres Lestedo	15 días	6 euros	90 euros	14/10/2016
Marina xxxxx Pai: Francisco Javier xxxxx	xxxxx	Concello de Boqueixon	10 días	6 euros	60 euros	14/10/2016
Rubén xxxxx	xxxxx	Concello de Boqueixon	15 días	6 euros	90 euros	14/10/2016
Tamara xxxxx	xxxxx	Merillotes Fotografía	5 días	6 euros	30 euros	14/10/2016
Marta xxxxx	xxxxx	Casa de Casal	15 días	6 euros	90 euros	14/10/2016
Carlos xxxxx Pai: Carlos xxxxx	xxxxx	Concello de Boqueixon	10 días	6 euros	60 euros	14/10/2016
Sandra xxxxx	xxxxx	Concello de Boqueixon	10 días	6 euros	60 euros	14/10/2016
TOTAL					1.488 euros	

GASTOS DE ORGANIZACIÓN DO PROXECTO

Núm factura	Concepto	Acreeedor	Importe	Data emisión	Data pagamento
-------------	----------	-----------	---------	--------------	----------------

Póliza núm. 055-1680218853	Seguros por accidentes	Mapfre vida SA. A-28141935	295 €	17/08/2016	18/07/2016
Póliza núm.0961570038 098/000	Contingencia responsabilidade civil	Mapfre A-28141935	0 €	15/01/2016	26/01/2016
	Liquidación de gastos por adquisición de zapatos pantalón para realizar as estadias visitas na empresa Talleres Lestedo	Gónzalo Bermúdez Gómez. DNI. xxxxx	54,45 €	18/08/2016	06/10/2016
	Liquidación de gastos por adquisición de zapatos pantalón para realizar as estadias visitas na empresa Talleres Lestedo	Manuel Oitaven González. DNI. xxxxx	22,47 €	04/10/2016	21/10/2016
608/7	Adquisición de bata blanca home para a realización de estadias visitas na Clinica Veterinaria A Media Lúa	FPV. Francisco Pazos y Vieiro SL. B15623887	18,15 €	29/08/2016	06/10/2016
201640	Adquisición de zapato home de seguridade (Bellota) para a realización de estadias visitas en Tecno Security España	Redondo Rendo Facorro. xxxxx	33,38 €	29/08/2016	06/10/2016
Subtotal			423,45 €		
Gasto de salario + seguridade social					
Nómina + TC Mes de agosto de 2016	Salario bruto + seguridade social da empresa mes de agosto de 2016: Salario bruto: 1.578,59 € Seg.social da empresa: 616,93 € % Imputado ó programa deseñando o teu futuro:50% Salario bruto: 789,30 € Seg.social da empresa: 308,47 €	Pascual Villaverde Núñez. DNI. xxxxx	1.097,77€	Nómina: 31/08/16 TC: 31/08/16	Trans.bancari a: Nómina:25/08/2016 TC: 30/09/2016
Nómina + TC Mes de setembro de 2016	Salario bruto + seguridade social da empresa mes de setembro de 2016: Salario bruto: 1.578,59 € Seg.social da empresa: 616,93 € % Imputado ó programa deseñando o teu futuro: 50% Salario bruto: 789,30 € Seg.social da empresa: 308,47 €	Pascual Villaverde Núñez. DNI. xxxxx	1.097,77€	Nómina: 30/09/16 TC: 30/09/16	Trans.bancari a: Nómina:26/09/2016 TC:
Subtotal			2.195,54 €		
Total			2.618,99 euros		

- Que segundo informe de intervención municipal, tomouse razón na contabilidade dos gastos e que figuran nesta conta xustificativa da subvención.
- Se cumpríu co establecido nas artigos 29.3 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia e 31.3 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, Xeral de Subvencións.

3.- Comunicar esta resolución á Consellería de Política Social.

15. Rogos e Preguntas

Non hai.

Sen máis asuntos que tratar, o presidente remata a sesión e eu redacto a acta como secretaria.

Visto e prace

A secretaria

O alcalde